



Recomendación dirixida ao Concello de Mondariz para que o expediente de reposición da legalidade urbanística incoado o 19/12/2017 se resolva no prazo establecido no artigo 152.5 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

Expediente: B.9.Q/14460/17

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018

Sr. alcalde:

Con motivo da queixa presentada por dona ██████████ nesta institución, o día 29/08/2016 iniciouse un expediente nesta institución.

Na queixa a Sra. ██████████ denuncia a construción dunha cheminea nun galpón construído ilegalmente na parede medianeira.

O día 7 de/03/2015 presentou denuncia non Concello de Mondariz, reiterada os días 7/03/2016 e 28/04/2016, dos que non obtivo resposta no concello polo que se solicitaba o amparo desta institución .

Solicitada o día 9/09/2016 información ao concello polo problema que motivou a queixa infórmasenos que o día 19/09/2016 se acordou incoar expediente de reposición de legalidade urbanística pola construción dunha cheminea sen autorización municipal en ██████████ , propiedade de don ██████████ .

O día 26/09/2016 trasladamos a resposta á interesada comunicándolle, tamén ao concello na mesma data, que procedíamos á conclusión do expediente B.9.Q/13112/16, sen prexuízo de reabrilo a instancia da denunciante por demora ou dilacións inxustificadas na tramitación do expediente.

O día 20/03/2018 a Sra. ██████ pónse en contacto con esta institución reiterado que denuncia a situación da tramitación do expediente de reposición da legalidade.

Solicitada información ao concello este infórmanos o día 08/05/2017 que o expediente está en curso e dámos conta das fases do procedemento.

Observamos que se notificara a incoación do expediente aos interesados e se recibiran as alegacións tanto do Sr. ██████ como da Sra. ██████, expoñéndonos a intención de resolvelo canto antes.

Ante o que con data 15/05/2017,(RS6022/17), indicámoslle que “desexamos que se finalice a tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística no prazo legalmente establecido para iso”.

Con data 15/12/2017 recíbese un novo escrito da Sra. ██████ no que nos indica que o expediente non se resolveu expresando o seu desamparo ante a actuación da administración municipal de Mondariz

Con data 18/12/ 2017 comunicámoslle o contido do último escrito da Sra. ██████ e solicitamos de novo información.

Información que se nos remite con data 28/12/2017 e na que se nos indica que con data 19/12/2017 acordase a caducidade do expediente incoado o día 19/09/2016 e se incoa un novo expediente informándonos que “será resolto coa maior prontitude posible”.

Con data 01/04/2018 diríxese de novo a esta institución a Sra. ██████ denunciando a inactividade do concello.

Procedemos a solicitarlle información día 5/04/2018 que lle reiteramos con data 9/05/2018, co recordatorio de deberes legais.

Falamos desde a institución telefonicamente varias veces cos funcionarios do concello para interesarnos pola tramitación do expediente.

Con data 10/10/2018 recibimos unha nova comunicación do concello na que se nos informa que foi emitido informe de Secretaría con data 19/12/17 no que se indica que as obras denunciadas non son legalizables, e de novo se nos di que “dito procedemento será resolto coa maior prontitude posible”.

Entendemos a dificultades técnicas e prácticas ás que se pode enfrontar unha administración local para facer fronte ao exercicio das súas funcións e competencias, non obstante isto non pode ser motivo para a inobservancia das normas básicas que deben rexela nin xustificar dilacións que afectan aos dereitos dos cidadáns,

Tendo en conta que esta denuncia se presenta por primeira vez no concello pola Sra [REDACTED] con data 07/03/2015, e a natureza do problema, non falamos da vivenda habitual dunha familia que non ten outro domicilio, senón dun galpón e dunha cheminea, e por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello a seguinte recomendación:

*“Recomendamos ao Concello de Mondariz que o expediente de reposición da legalidade urbanística incoado con data 19/12/2017, despois de declarar caducado o incoado o 19/09/2017, se resolva no prazo establecido no artigo 152.5 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.”*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo